

# A historia de Florentina

Cantar de Cego nas voces de Ánxela Soto, Andrea Abilleira, Rubén Bugallo e Iván Fraguas

Con debuxos de Helena Gamallo

- 1- Aquí vimos estes catro  
a contar a nosa historia.  
É unha historia de amore  
que rematou en traxedia.
- 2- Nas terras de Cotobade,  
na parroquia de Loureiro,  
vive a moza Florentina  
na casiña do outeiro.
- 3- Unha moza tan fermosa  
non hai en toda a comarca.  
Os mozos andan tras dela,  
pero dela nada sacan.
- 4- Un día díxolle aos país  
que estaba embarazada,  
que ía ter un meniño  
e críalo ela pensaba.
- 5- Preguntan quen é o pai,  
pero ela non di nada.  
Os país están preocupados,  
pero ela cala e cala.
- 6- Pero a honra da familia  
non pode quedar manchada,  
como ela segue calada  
os país bótana da casa.
- 7- Vive nunha casa vella  
que estaba moi descoidada.  
Ela está soa no mundo;  
os país non a axudan nada.
- 8- E consumida de amore  
e tamén da mala vida,  
cada vez está máis fraca.  
Todos ven que está perdida.
- 9- Florentina unha noite,  
soa e abandonada,  
entra no parto e morre  
xunto co fillo da alma.
- 10- A xente está consternada  
coa desgraza da moza.  
O enterro foi moi triste,  
tanta xente non se acorda.
- 11- Chegou o gobernadore,  
que paraba nesta zona,  
cando xa o cadaleito  
baixaba para a cova.
- 12- E a xente entendeu  
que era o que pasara  
cando el chegou á tumba  
e como un neno choraba.
- 13- Daquela triste historia,  
que pasou de boca en boca,  
quedou á beira da igrexa  
unha lápida fermosa.
- 14- Pero aínda hai veciños  
que hoxe mesmo comentan  
que seica anda Florentina  
polos camiños da aldea.
- 15- E aquí remata esta historia  
que don Antonio contoulle  
a Castelao unha tarde  
e seica a el gustoulle.